

NORMATIVA PARA O USO DO SERVIZO DE CORREO ELECTRÓNICO DA E.S. DE ENXEÑERÍA INFORMÁTICA

Aprobada na Xunta de Escola o 27/03/2012

Estas normas están baseadas nas recomendadas por Rediris e a Universidade de Vigo para o uso do correo electrónico.

En apoio dos obxectivos fundamentais da nosa institución: ensinanza e investigación e respectando os principios de liberdade de expresión e privacidade de información, ofréceselle unha serie de recursos de rede, comunicacións e de información á nosa comunidade.

O acceso a estes recursos é un privilexio que está condicionado á aceptación da política de utilización dos mesmos. A calidade destes servizos depende en gran medida da responsabilidade individual dos usuarios/as.

En caso de non entender completamente algún dos apartados deste documento pónase en contacto co responsable do servizo de correo na conta de correo XXX@esei.uvigo.es.

As condicións que se expoñen neste e noutros documentos poden ser actualizadas para se adaptaren a novas situacións.

Estas condicións basicamente pretenden regular o uso que se fai das contas de correo e dos servidores de correo da Escola Superior de Enxeñería Informática da Universidade de Vigo.

1) Os usuarios/as son completamente responsables de todas as actividades realizadas coas súas contas de acceso e coa súa caixa de correo asociada na nosa organización

2) É unha falta grave facilitar e/ou ofrece-la nosa conta e caixa de correo a persoas non autorizadas.

3) Os servizos de correo electrónico subministrados pola Escola poden ser usados de forma incidental para temas persoais agás se:

- Interfiren co rendemento do propio servizo
- Interfiren nos labores propios dos xestores/as do servizo
- Supoñen un alto custo para a nosa organización. As mensaxes de tipo persoal están suxeitas ós termos e condicións deste documento
- Contradigan os termos, prohibicións e prexuízos englobados nas normativas de uso do correo electrónico da Universidade de Vigo.

4) O correo electrónico é unha ferramenta para o intercambio de información entre persoas, non é unha ferramenta de difusión de información. Para iso existen outras canles máis axeitadas e efectivas, para o que debe de se poñer en contacto cos responsables do servizo.

5) A violación da seguridade dos sistemas e/ou da rede pode incorrer en responsabilidades civís e criminais. A nosa organización colaborará ó máximo das súas posibilidades para investigar este tipo de actos, incluíndo a cooperación coa Xustiza e corpos de seguridade.

6) Non é correcto enviar correo a persoas que non desexen recibilo. Se lle solicitan deter esta práctica deberá facelo. Se a nosa Escola recibe queixas, denuncias ou reclamacións por estas prácticas tomaranse as medidas sancionadoras axeitadas.

7) Está completamente prohibido realizar calquera das seguintes actividades, e en xeral toda aquela que supoña un uso abusivo ou incorrecto do servizo de correo:

- Utiliza-lo correo electrónico para calquera propósito comercial ou financeiro.
- Participar na propagación de cartas encadeadas ou participar en esquemas piramidais ou temas semellantes.
- Distribuir de xeito masivo grandes cantidades de mensaxes con contidos inapropiados para a nosa organización.
- Falsifica-las cabeceiras do correo electrónico.
- Estará penalizado coa cancelación da caixa de correo o envío a foros de discusión (listas de distribución de correo) de mensaxes que comprometan a reputación da nosa organización ou violen a lexislación vixente.